

CONSULTA PÚBLICA PREVIA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMATIVA DENOMINADA:

- Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciárase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma:

- Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

No Boletín oficial da provincia nº 187 do 29 de setembro de 2010, publicábase a Ordenanza citada. Dende o ano 2010 o Regulamento Xeral de Circulación sufriu diversas modificacións que afectan ao contido desta ordenanza que é necesario actualizar, así como é necesario introducir algún título que regule as pautas establecidas pola Dirección Xeral de Tráfico na Instrución 16/V-124 de 3 de novembro de 2016, en relación cos peóns, ciclistas e vehículos de mobilidade persoal, debido á irrupción do patinete eléctrico no ámbito urbano e diversos cambios legislativos que afectan a ciclistas.